QUINTO.- O día 17/03/2026 se notificou a empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L. a prórroga do contrato cunha duración de un ano, con entrada en vigor o día 02/06/2026, mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais.

SEXTO.- Con data 14 de abril de 2026, D. José Antonio Miguélez Díaz, en representación de CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., interpuxo recurso de reposición contra a referida Resolución de data 13/03/2026 da prórroga do contrato, solicitando que se deixe sen efecto a prórroga acordada.(Expediente 2026/PES_03/007743).

SÉTIMO.-Con data 1 de xullo do 2026 dáse traslado á mercantil da Resolución que desestima o Recurso de Reposición presentado por Leonardo Miguélez, S.L., quedando constancia do acceso ao contido da notificación o mesmo día ás 10:32 horas.

OITAVA.-A unidade de coordinación e xestión do territorio emitiu informe con CSV: IV76YCZ5ZNP23XW76N5MKT2ECU cuxo literal se recolle a continuación:

"ANTECEDENTES
PRIMEIRO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2024, con CSV IV7WHQJZKEW6LKP4SVFQ6BTUAM , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais (Expte. 2024/CON_02/000008), dividido en 24 lotes.
SEGUNDO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, con CSV IV7XHSP2FF4IJSBCWLWA6UTDMQ, de data 28 de xuño de 2024 adxudicouse o lote 20 (Taboada e O Saviñao) á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.
TERCEIRO.- O contrato formalizouse o día 05 de agosto de 2024 (CSV: IV7URTJNLNEI5OJZ2TYSIUTHGY), prevéndose expresamente na cláusula segunda do contrato, a posibilidade dunha prórroga por un ano.
CUARTO.- Con data 13 de marzo de 2026 ditouse Resolución pola que se aprobou a prórroga do contrato para a anualidade 2026 (CSV: IV7RSCDTP4R4QXHI23WGGYK7CY)
QUINTO.- Con data 14 de abril de 2026, D. José Antonio Miguélez Díaz, en representación de CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., interpuxo recurso de reposición contra a referida Resolución, solicitando que se deixe sen efecto a prórroga acordada.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 32/98 |

LEXISLACIÓN APLICABLE.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídicoespañol as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).
-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS.
PRIMEIRA: A mercantil Leonardo Miguélez, S.L., con data do RXE da Deputación Provincial de Lugo 14 de abril do 2026, interpuxo recurso Potestativo de Reposición contra o Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo do 2026, polo que se aproba a prórroga do contrato de servizos de desbroce de maleza en estradas provinciais. Lote 20 (Taboada e Saviñao).
SEGUNDA. Con data 27 de Xaneiro do 2026, cursase envío dende a Unidade de Coordinación e Xestión Territorial, a mercantil Leonardo Miguélez S.L., por medio email, a data de previsión do inicio das prestación do contrato de desbroce para anualidade 2026, Lote 20 do cal é adxudicatario. A cal se adxunta.
TERCEIRA: Con data do 26 de febreiro do 2026, por medio de email, comunicase a mercantil, a través da dirección de correo electrónico, info@clmsl.com, sendo a devandita dirección a que obra no certificado dixital da mercantil para o recibo de notificacións, que as previsións de inicio da campaña de desbroce para 2026, dará comezo o 4 de Maio do 2026. A cal se adxunta.
CUARTA: Con data do 19 de maio do 2026, comunicase a mercantil email do seguinte texto " Próximamente recibirá un correo electrónico con un enlace de puesta a disposición del Acta de Inicio del Desbroce, anualidade 2026, correspondiente al Lote 20 del cual es adjudicatatrio para su firma. En caso de no recibirlo a lo largo del día les solicitamos que se pongan en contacto con nosotros".
QUINTA: Con data do 19 de maio do 2026, por medio do sistema habilitado nesta Deputación de Lugo, administración electrónica GTASK, expediente 2026/XEN_01/001442, púxose a asinamento da mercantil Leonardo Miguélez, S.L., a PRECEPTIVA ACTA DE INICIO, documento habilítante para dar comezo a prestación de desbroce anualidade 2026, Lote 20.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 33/98 |

A mercantil pasados DEZ DÍAS NATURAIS dende a súa posta a disposición na sede electrónica referenciada, non leva a cabo acto algún que permita a esta Deputación de Lugo, ter constancia do seu acceso polo cal tal e como establece a norma de aplicación a mesma considerase RECHAZA pola mercantil, e non asina a devandita ACTA DE INICIO.
Na Acta, establecíase como data de INICIO da prestación o día 1 de Xuño do 2026, no CONCELLO DE O SAVIÑAO, na estrada de titularidade provincial LU-P-5819 " BELESAR (LU-P-1804) PORTOTIDE-PRAIA DA COVA", dando comezo o cómputo do prazo para a execución da mesma.
SEXTA: Con data do 1 de Xuño do 2026, por parte do Capataz asinado o control e supervisión das prestacións do desbroce Lote 20, remítese o Responsable do Contrato informe no que se fai constar que a mercantil Leonardo Miguélez, S.L., non deu comezo as prestacións do desbroce do Lote 20.
Documento 1 que se adxunta.
SEPTIMA: Con data do 4 de Xuño 2026, por parte do Capataz asinado o control e supervisión, e nova visita xirada para comprobar se a mercantil deu comezo as prestacións do desbroce Lote 20, remítese o Responsable do Contrato informe no que se fai constar que a mercantil Leonardo Miguélez, S.L., non deu comezo as prestacións do desbroce do Lote 20.
Documento 2. Axuntase un completo reportaxe fotográfico probatorio do incumprimento.
Igual procedemento se segue en datas 9 de Xuño do 2026, 14 de Xuño do 2026.
Documento 3 e 4 que se adxuntan.
OITAVA: Con data do 1 de Xullo do 2026, por parte do Servizo de Contratación e Fomento, dáse traslado a mercantil da Resolución da Presidencia da Deputación do Recurso Potestativo de Reposición presentado por Leonardo Miguélez, S.L., accedendo por parte a dita notificación a mercantil con data 1 de Xullo do 2026 as 10:32 horas.
NOVENA: Tendo en conta que o recurso presentado pola mercantil versa sobre a obrigatoriedade ou non que ten de levar a cabo a execución da PRÓRROGA DO CONTRATO DE DESBROCE LOTE 20, por parte do Responsable do Contrato, cursa orden o Capataz encargado da supervisión, control e medicións da prestación de comprobación do comezo da prestación da mercantil, unha vez que a Resolución da Presidencia da Deputación e contundente, clara e determinante da obriga que ten de levar a cabo a execución da PRÓRROGA DO CONTRATO, no Lote 20 do cal é adxudicatario.
Así as cousas o Capataz en data 4 de Agosto do 2026, cursa visita xirada a estrada e Concello e estrada onde ten a obriga de dar comezo a prestación
No seu informe elaborado con total pulcritude e con abundante documentación gráfica constata de xeito claro e determinante que a MERCANTIL LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., non deu comezo a prestación.
Documento que se adxunta.
DÉCIMA: Pese a todos os intentos e facilidades dadas por esta Deputación Provincial de Lugo, a mercantil LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., non leva a cabo a PRECEPTIVA PRESTACIÓN.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 34/98 |

Feito de non leva a cabo a preceptiva prestación, non é unha cuestión baladí, xa que a súa inacción, COMPROMETE de xeito MOI GRAVE A SEGURIDADE VIARIA, poñendo en GRAVÍSIMO RISCO os seus usuarios e incumprindo de xeito totalmente irresponsable a Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
DECIMO PRIMEIRA: o Responsable do contrato a súa vez Xefe de Coordinación e Xestión Territorial da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo, sobre o que recae a RESPONSABILIDADE DA REDE VIARIA PROVINCIAL o abeiro do establecido na vixente RPT e na sentenza do TSJ de Galicia, vese TOTALMENTE IMPOTENTE para garantir e por en salvagarda tanto a SEGURIDADE VIARIA como o cumprimento da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais, polo que dará traslado as FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO da presente PROPOSTA.
Por todo canto antecede, debidamente fundamentado en dereito, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, previo informe e valoración polo SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO, a RESOLUCIÓN DO CONTRATO DESBROCES 2024/CON_02/000008. PRÓRROGA 2026, e que se accionen os mecanismos legais establecidos os efectos para levar cabo para realizar as prestacións, un CONTRATO DE EMERXENCIA que permita facer fronte e garantir unha axeitada SEGURIDADE VIARIA e o mesmo tempo o cumprimento da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais, cuestión que ve agravada pola seca que a nosa provincia esta a padecer pola ausencia de precipitacións".

Vistos os antecedentes, xa de xeito preliminar se pon de manifesto tanto a frustración do contrato por causas imputables ó contratista, concorrendo claros indicios de incumprimento da súa oferta en aspectos que se identifican con obrigas esencias, intimamente relacionadas coa execución.

O apartado "M" do cadro resume do PCAP e no apartado 2.5 do PPT, recolle que,

"Serán obligaciones contractuales esenciales para el Adjudicatario, y como tal su incumplimiento podrá dar lugar a la resolución del Contrato, las siguientes:
El cumplimiento de las disposiciones vigentes en materia de seguridad y salud, así como el cumplimiento de lo establecido en el Documento de Gestión Preventiva, si las hubiere.
El cumplimiento de las disposiciones vigentes en materia de señalización de obras y de las instrucciones dadas a este respecto por la Diputación de Lugo, si las hubiere.
El cumplimiento de todas las medidas previstas para la correcta gestión residuos previstas en el apartado 1.11 de este pliego.
La disponibilidad de los medios personales y de maquinaria enumerados en el apartado 2.3 de este Pliego.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 35/98 |

Los ítems de ejecución del contrato establecidos apartado 2.4 de este PPT, es decir un rendimiento mínimo de 25 km a la semana y con un plazo de ejecución máximo de dos meses y medio (2,5 meses), son de carácter obligatorio.
Los ítems tienen carácter contractual de ejecución semanal obligatorio. Esto es, cada semana el adjudicatario estará obligado a desbrozar un mínimo de 25 km".

A maior abundamento o art.211 da LCSP, no seu apartado f), recolle como causa de resolución do contrato o incumprimento da obriga principal do contrato, de xeito que a súa inobservancia ou a tolerancia desvirtuarían a finalidade da licitación e resultarían contaría ós principios da contratación pública previstos no artigo 1 da LCSP.

Queda evidenciado que non se teñen satisfeito ditas obrigas, tal e como consta no informe emitido pola unidade de coordinación e xestión do territorio.

Así mesmo, queda acreditada a ampla actividade administrativa no referido a comunicacións ó contratista, tendentes a impulsar a prestación do desbroce sendo este un servizo sensible e relevante se temos en conta as bagoas de calor e que de non prestar correctamente o servizo é un caldo de cultivo para o crecemento de maleza poñendo en grave risco a seguridade vial e posible focos de lumes.

Visto o anterior, segundo o informado pola Unidade de Coordinación e Xestión do Territorio, esta administración pode considerar que o contratista non mostra vontade de atender as peticións e comunicacións realizadas que permitan prestar o servizo de desbroce.

Resultan fundamentos xurídicos :
A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.
O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001
Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente .
Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o incumprimento da prestación principal do contrato.
Como é coñecido, as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado , e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que "as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha..."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 36/98 |

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como "lex contractus", cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.
De acordo co informado polo Responsable do Contrato, o contratista non ten procedido o cumprimento das obrigas que derivan da súa oferta en canto prazo de execución, o que supón o incumprimento de obrigas contractuais esenciais.
As consecuencias desta omisión na prestación do obxecto da contratación, recae na singular responsabilidade do contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas.
En palabras do informe da Unidade de Coordinación e Xestión do Territorio "Pese a todos os intentos e facilidades dadas a mercantil LEONARDO MIGULEZ, S.L., non leva a cabo a PRECEPTIVA PRESTACIÓN.
Feito de non leva a cabo a preceptiva prestación, non é unha cuestión baladí, xa que a súa inacción, COMPROMETE de xeito MOI GRAVE A SEGURIDADE VIARIA, poñendo en GRAVÍSIMO RISCO os seus usuarios e incumprindo de xeito totalmente irresponsable a Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia".
A verificación do incumprimento dunha obriga esencial (recollida no apartado "M" do cadro resume do PCAP e no apartado 2.5 do PPT, "Los ítems de ejecución del contrato establecidos apartado 2.4 de este PPT, es decir un rendimiento mínimo de 25 km a la semana y con un plazo de ejecución máximo de dos meses y medio (2,5 meses), son de carácter obligatorio. Los ítems tienen carácter contractual de ejecución semanal obligatorio. Esto es, cada semana el adjudicatario estará obligado a desbrozar un mínimo de 25 km".) e, en consecuencia o incumprimento da obriga principal pola frustración do obxecto contractual, Apartado f) do art.211 da LCSP, configúrase como causa de resolución,resultando deber desta administración, na tutela do interese xeral ó que serve o contrato, tramitar aquela que primeiro se tivera verificado no tempo.

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.
Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego:
"O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP".
Ditos artigos sinalan :
Art. 211 f "Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos……"
Art. 202.3 "Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211…".




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 37/98 |

Polo tanto o incumprimento do prazo, constitúe en si, e con carácter inicial, causa de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.
A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Leonardo Miguélez, S.L.,:
1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP) .
2. Indemnización por danos e perxuízos ocasionados no que exceda do importe da garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25) art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001 .
3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP) .

III.- Sobre o procedemento a seguir
A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos :
a. Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais
b. Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.
c. Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.
d. Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.
Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- Sobre o órgano competente
Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.
Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 38/98 |

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño a Xunta de Goberno que adopte acordo nos seguintes termos :

**1º.-** Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo do contrato do SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN CARRETERAS PROVINCIAIS, 2024/CON_02/000008, LOTE 20: TABOADA E O SAVIÑAO, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro da documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego configura como causa de resolución contractual e que frustran o contrato asimesmo por incumprimento da obriga principal.

**2º.-** Dar trámite de audiencia ó contratista, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

**3º.-** Finalizado o expediente de resolución, iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.
**4º.-** Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos que de esta se derivan , con carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.
Notificar asimesmo, que contra os acordo recollidos no punto 1 deste acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición potestativa do recurso de reposición, sen prexuízo de que se así o estima oportuno poida proceder á directa impugnación dos mesmos ante a xurisdición contenciosa nos Xulgados de Lugo.

**5º.-** Dar traslado á Unidade de coordinación e xestión do territorio, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.

**6º.-** Impulsar o contrato de emerxencia do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, 2024/con_02/000008, lote 20: Taboada e O Saviñao que permita facer fronte e garantir unha axeitada seguridade viaria e o mesmo tempo o cumprimento da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais, cuestión que se ve agravada pola seca que a nosa provincia está a padecer pola ausencia de precipitacións".




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 39/98 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACION, SE PROCEDE, DE PROPOSTA EN RELACIÓN COA ACTUACIÓN POR EMERXENCIA DO SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS, LOTE 20 (TABOADA E O SAVIÑAO).**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento e que se reproduce a continuación:
"Polo Xefe de Coordinación e Xestión Territorial, remitiuse informe de data 11/08/2026, ao que prestou conformidade a deputada delegada da Area, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:
"ANTECEDENTES.
PRIMEIRO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2024, con CSV IV7WHQJZKEW6LKP4SVFQ6BTUAM , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais (Expte. 2024/CON_02/000008), dividido en 24 lotes.
SEGUNDO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, con CSV IV7XHSP2FF4IJSBCWLWA6UTDMQ, de data 28 de xuño de 2024 adxudicouse o lote 20 (Taboada e O Saviñao) á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.
TERCEIRO.- O contrato formalizouse o día 05 de agosto de 2024 (CSV: IV7URTJNLNEI5OJZ2TYSIUTHGY), prevéndose expresamente na cláusula segunda do contrato, a posibilidade dunha prórroga por un ano.
CUARTO.- Con data 13 de marzo de 2026 ditouse Resolución pola que se aprobou a prórroga do contrato para a anualidade 2026 (CSV: IV7RSCDTP4R4QXHI23WGGYK7CY)

LEXISLACIÓN APLICABLE.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídicoespañol as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).
-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 40/98 |

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

MOTIVACIÓN E CONSIDERACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS.
Dada a época do ano na que nos atopamos, e tras un longo e dilatado período de ausencia de precipitacións, combinado cun subida das temperaturas ata o extremo de ser activado polo Xunta de Galicia o protocolo da actuacións e restricións de execución de desbroces de maleza tanto nas redes viarias como en franxas e parcelas de monte e de cultivo de calquera propiedade e título, publicado no DOG do 29 de Xuño do 2026.

O abeiro do establecido e tendo en conta que a existencia da vexetación sita nas marxes das estradas de titularidade da Deputación Provincial de Lugo, (Paseos, gabias, noiros e terrapléns) constitúen redes de faixas de xestión de biomasa susceptible de caldo de cultivo como motor de orixe e propagación de lume.
Basta con recordar o incendio que asolou o Courel e que mesmo cruzou , atravesou e tratou de alimentarse nas biomasas das estradas que vertebran ese Concello e que son de titularidade da Deputación Provincial de Lugo, e boa xestión feita da mencionada biomasa serviu para que esas estradas actuasen como efectivo corta lumes.
Deste xeito non compre esquecer que esa coincidencia de actuacións levase a cabo fundamentalmente na época do estío co que a xestión de esa biomasa é urxente e inaprazable que se execute nas primeiras datas do calor.
Por outra banda a Deputación Provincial de Lugo, ten a obriga o abeiro do establecido na Lei 8/2013 do 28 de Xuño, de Estradas de Galicia e o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia en vigor que a desenvolve, de facer fronte a calquera obstáculo, impedimento o causa que poida significar un grave perigo para os usuarios da RVP, feito este que acontece coa proliferación da vexetación nos elementos funcionais das estradas.
Para facer fronte o exposto, a Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2024, con CSV IV7WHQJZKEW6LKP4SVFQ6BTUAM , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais (Expte. 2024/CON_02/000008), dividido en 24 lotes.
Un deses lotes concretamente o Lote 20 Concellos de Taboada e O Saviñao, foi adxudicado a mercantil Leonardo Miguélez, S.L., cuxa negativa a levar a cabo as obrigadas prestación deron lugar a formular polo Responsable do Contrato a Proposta de Resolución do contrato.
(Toda a documentación e fundamentación atópase incluída na formulación da Proposta de Resolución) de data 11 de agosto do 2026, remitida o Servizo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 41/98 |

Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo, feito polo cal dáse por reproducida.
Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, tanto para os usuarios da vía como para o medio ambiente, proponse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.
A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos á mercantil Agroforestal Carballés Campos SL, xa que se considera que esa mercantil dispón de medios para acometer as obras de xeito inmediato.
O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o
Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:
a) Mediante o sistema de custo e costas.
b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.
Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción.
En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido no apartado b) do artigo 197 do RGLCAP, estímase o orzamento que ascende a 64.034,34 contemplado en prorroga del contrato de data 13 de marzo do 2026.
Unha vez rematados os traballos, procederase á recepción do servizo, levantándose a correspondente acta (art. 204 do RGLCAP) e liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP.(...)"

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

PRIMEIRO.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: "Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)
a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 42/98 |

producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente”.

SEGUNDO.- Tendo en conta as circunstancias expostas neste informe, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo, tanto para os usuarios da vía como para o medio ambiente,se poidan executar as actuacións de desbroce necesarias nos termos referido ao Lote 20 do documento “Pliego de prescripciones técnicas particulares para el contrato de servicios: de desbroce de maleza en carreteras provinciales. Lotes 1 a 24. 2024/25” que se xunta ao expediente.
Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.
Así mesmo, estímase o orzamento, o cal se corresponde co importe contemplado na prórroga do contrato de data 13 de marzo de 2026. por un importe de 64.034,34 euros, dos cales 11.113,40 € correspondería ao IVE,
Non obstante en relación co procedemento de realización de servizos por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

TERCEIRO.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Xefe de Coordinación e Xestión Territorial, a estimación do custo concretarase unha vez terminado o servizo, e en base ao cal se liquidará o servizo prestado mediante relación valorada.

CUARTO.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

CONCLUSIÓN
A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a prestación do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais lote 20 (Concellos de Taboada e O Saviñao) , como consecuencia do altísimo risco de incendios que supón a existencia




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 43/98 |

de vexetación nas marxes das estradas provinciais, sendo un grave perigo, tanto para os usuarios da vía como para ao medio ambiente, encomendado a prestación do servizo á empresa Agroforestal Carballés Campos, S.L., considerar que dispón de medios nas proximidades para prestar o servizo de maneira inmediata,cun orzamento estimado de 64.034,34 euros, IVE incluído.
Durante a execución da prestación do servizo a Área de Xestión Territorial formulará as ordes necesarias para a prestación do servizo de xeito inmediato a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia.
Unha vez finalizado a prestación do servizo , procederase á recepción do servizo, levantándose a correspondente acta (art.204 do RGLCAP) e liquidarase o servizo mediante relación valorada (art.179 do RGLAP)
A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, téñense verificados pola unidade xestora os requisitos establecidos no artigo 120 relativos a contratación de emerxencia. (...)"

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos.

**1º.-** Declarar a emerxencia , da prestación do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais lote 20 (Concellos de Taboada e O Saviñao) , como consecuencia do altísimo risco de incendios que supón a existencia de vexetación nas marxes das estradas provinciais, sendo un grave perigo, tanto para aos usuarios da vía como para ao medio ambiente .

**2º.-** De acordo coa proposta da Unidade de Coordinación de Xestión Territorial, encomendar a prestación do servizo á empresa, por ser a empresa Agroforestal Carballés Campos, S.L por considerar que dispón de medios nas proximidades para prestar o servizo de maneira inmediata, cun orzamento estimado de 64.034,34 euros, IVE incluído.

**3º.-** Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

***1º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra denominada: POBRA DO BROLLÓN – O INCIO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-4706 "Pacios da Veiga (LU653) – Canedo – Santa Cruz de Incio (LU-644)", p.k. 0+000 a 8+462.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 44/98 |

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 06/08/2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"1.- POBRA DO BROLLÓN – O INCIO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-4706 "Pacios da Veiga (LU653) – Canedo – Santa Cruz de Incio (LU-644)", p.k. 0+000 a 8+462. (2026/CON_02/000052).

a) Apertura de documentación administrativa requirida a empresa proposta como adxudicataria, ao abeiro do artigo 150 da LCSP.

ANTECEDENTES.
1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV76U3KLZFG2ZW67DUPGELSRCE[1].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV76U3L5BTVNRW63QZWS6ZRHHY
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV76UTINKAF5KTN4SFVBMJT64Q
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV76U6IIZ4VKKWJ75R4MA3SSCE
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76U6IONZROYSFM274CAIIEEU
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV76U4D5HMVDZ7FZ6QQGJ5DXOI
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 05/06/2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV76VWL3LMXI5LMDXTU4EQPXO4
8. Publicación, o día 05/06/2026, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 06/07/2026, para apertura da documentación administrativa e oferta económica con CSV: IV76S6762BJM5TF2WVXGCQI6C4, resultando:

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 59/98 |

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.**

***1º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de SARRIA, solicitando reformado do proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2026.11***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de SARRIA no que solicita a reformado do proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| SARRIA | 247 | MELLORA DE FIRME DE PISTAS MUNICIPAIS: SETEVENTOS-GOIMIL, A SILVA, SAN XULIAN, RUBIN, O PIÑEIRO, RÚA GRECO, GUITIÁN, CALLÁS, SANMPAIO, MEZUR, TREILÁN, LAMAS - CASETA, NESPEREIRA, LOUREIRO, OURAL, CAMPO DA FEIRA, OURAL VELLO E CAMPO DE FÚTBOL DE A RIBELA | 18.585,70€ | 212.571,56€ | 231.157,26€ |

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de SARRIA a través de escrito con RE nº 2026RT015843 de data 03/08/2026 solicita:
a) O reformado do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 247, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica ".... disconformidade entre a denominación e a valoración no orzamento...", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| SARRIA | 247 | MELLORA DE FIRME DE PISTAS MUNICIPAIS: SETEVENTOS-GOIMIL, A SILVA, SAN XULIAN, RUBIN, O PIÑEIRO, RÚA GRECO, GUITIÁN, CALLÁS, SANMPAIO, MEZUR, TREILÁN, LAMAS - CASETA, NESPEREIRA, LOUREIRO, OURAL, CAMPO DA FEIRA, OURAL VELLO E CAMPO DE FÚTBOL DE A RIBELA | 18.585,70€ | 212.571,56€ | 231.157,26€ |

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación,




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 60/98 |

motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2026, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de SARRIA que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 61/98 |

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de SARRIA, e en consecuencia, aprobar a reformado do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| SARRIA | 247 | MELLORA DE FIRME DE PISTAS MUNICIPAIS: A SILVA, SAN XULIAN DA VEIGA, RUBIN, O PIÑEIRO, RÚA GRECO, GUITIÁN, CALLÁS, SANMPAIO, MEZUR, TREILÁN, LAMAS - CASETA, NESPEREIRA, LOUREIRO, OURAL, CAMPO DA FEIRA, OURAL VELLO E CAMPO DE FÚTBOL DE A RIBELA | 18.585,70€ | 212.571,56€ | 231.157,26€ |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de CASTROVERDE, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de CASTROVERDE no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| CASTROVERDE | 56 | EXECUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN DE TERRAS NOS LUGARES DE PEREIRA E VILAR, INCLUÍDO HONORARIO | -- | 37.943,08€ | 37943,08€ |

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 62/98 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, e a foto do cartel nos termos previstos nas Bases.
5. A Alcaldía do Concello de CASTROVERDE a través de escrito con RE nº 2026RT016007 de data 05/08/2026 solicita:
a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 56, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica "…. se detectou a presenza na estratigrafía do terro e de rocha de dificil ripabilidade... polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| CASTROVERDE | 56 | MODIFICACIÓN EXECUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN DE TERRAS NOS LUGARES DE PEREIRA E VILAR, INCLUÍDO HONORARIO | -- | 37.942,87€ | 37.942,87€ |

6. A base 16, indica que "...Se durante a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Ademais, para a aprobación pola Deputación deberá achegarse:
- Conformidade do contratista adxudicatario.
- Informe favorable da Secretaría municipal
- Informe favorable da Intervención do Concello, no caso de que exista incremento do seu orzamento.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 63/98 |

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de CASTROVERDE que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de CASTROVERDE, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| CASTROVERDE | 56 | MODIFICACIÓN EXECUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN DE TERRAS NOS LUGARES DE PEREIRA E VILAR, INCLUÍDO HONORARIO | -- | 37.942,87€ | 37.942,87€ |

**2º.-** 2. Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***3º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de O SAVIÑAO, solicitando reformado de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2026***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O SAVIÑAO no que solicita a reformado do proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 64/98 |

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O SAVIÑAO | 258 | MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILACAIZ, REIRIZ E ALPERÍZ, INCLUÍDO HONORARIOS | 17.281,50€ | 129.558,02€ | 146.839,52€ |

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de O SAVIÑAO a través de escrito con RE nº 2026RT016017 de data 05/08/2026 solicita:
a) O reformado do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 258, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica ".... por non presentar oferta ningún licitador... polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O SAVIÑAO | 258 | MODIFICADO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILACAIZ, REIRIZ E ALPERÍZ, INCLUÍDO HONORARIOS | 76.691,06€ | 129.558,02€ | 206.249,08€ |

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2026, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 65/98 |

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de O SAVIÑAO que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O SAVIÑAO, e en consecuencia, aprobar a reformado do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O SAVIÑAO | 258 | MODIFICADO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILACAIZ, REIRIZ E ALPERÍZ, INCLUÍDO HONORARIOS | 76.691,06€ | 129.558,02€ | 206.249,08€ |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

***1º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de***




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 66/98 |

***Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Equipamento ximnasio municipal, equipo de sonido para pavillón municipal e peche campo da feira" no Concello de Guitiriz, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/015550) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

"PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe total de 50.000,00 € (dos que 50.000,00 € serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...).

SEGUNDO. A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento Xeral, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "equipamento ximnasio municipal, equipo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 67/98 |

sonido para pavillón municipal e peche campo da feira” no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 16 de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 27 de xullo de 2026, escrito no que se solicita modificar a cláusula cuarta do convenio para incorporar a posibilidade de que en caso de producirse baixas na licitación ou na execución se reduza a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

CUARTO:A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2026, aprobar a modificación do convenio para incorporar a posibilidade de aplicar os remanentes producidos na licitación ou execución do obxecto do convenio noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

QUINTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “equipamento ximnasio municipal, equipo de sonido para pavillón municipal e peche campo da feira” no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 31 de xullo de 2026.

SEXTO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 6 de agosto de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada “Adquisición de equipamento deportivo para ximnasio municipal” para incluír na mesma con cargo os remanentes xerados o suelo de goma para dita instalación do ximnasio que suporía un custo igual os remanentes xerados de 3.404,30”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na Cláusula CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
“4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 68/98 |

4.2. O Concello de Guitiriz:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación "peche campo da feira" segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da actuación "peche campo da feira" que se requiran legalmente.
5.O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)".
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 69/98 |

as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

1º. O convenio recolle a posibilidade de autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

2º. O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

3º. Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Guitiriz nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da segunda addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 con CSV IV76Y72IF47CLTU6AJ4MCYJ6HY".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obras de melloras no Concello de Navia de Suarna" no Concello de Navia de Suarna, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 70/98 |

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "OBRAS DE MELLORAS NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA" NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/015474) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "OBRAS DE MELLORAS NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA" NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025 por importe total de 251.929,16 € (dos que 250.000,00 € serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (…).
SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "obras de melloras no concello de Navia de Suarna" ano 2025 formalizouse o 23 de setembro de 2025.

TERCEIRO: O alcalde do concello de Navia de Suarna remitiu, o 5 de agosto de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
"(...)
O 9 de decembro de 2025 asinouse un Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Navia de Suarna para cooperar nos gastos derivados da execución da actuación "OBRAS DE MELLORAS NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA" no Concello de Navia de Suarna, ano 2025.
Este convenio contempla a execución de 7 actuacións, das que unha parte xa se atopan executadas e xustificadas, outras en execución e outras aínda non se iniciaron.



| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 71/98 |

No caso das obras non iniciadas, o prazo establecido no convenio para a súa execución e xustificación das mesmas resulta insuficiente.
Polos motivos explicados con anterioridade,
SOLICITO:
A ampliación do prazo previsto no Convenio para a execución e xustificación da actuación "OBRAS DE MELLORAS NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA" ata o 30 de novembro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
"1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.
(...)
3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 72/98 |

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Navia de Suarna nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar texto da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "OBRAS DE MELLORAS NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA" NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025 con csv IV76Y735PEMPSREDCIPGNZHPCE".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***3º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Rehabilitación del canal de derivación de agua del molino en el Río Navia (incluídos honorarios facultativos)" no Concello de Navia de Suarna, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "REHABILITACIÓN DEL CANAL DE DERIVACIÓN DE AGUA DEL MOLINO EN EL RÍO NAVIA (INCLUÍDOS HONORARIOS FACULTATIVOS)" NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 73/98 |

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/015475) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 28 de novembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO.A probar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "REHABILITACIÓN DEL CANAL DE DERIVACIÓN DE AGUA DEL MOLINO EN EL RÍO NAVIA (INCLUÍDOS HONORARIOS FACULTATIVOS)" NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025 por importe total de 55.148,64 € (dos que 50.000,00 € serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)
SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio,".

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "rehabilitación del canal de derivación de agua del molino en el río Navia (incluídos honorarios facultativos)"no concello de Navia de Suarna, ano 2025 formalizouse o 9 de decembro de 2025.

TERCEIRO: O alcalde do concello de Navia de Suarna remitiu, o 5 de agosto de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
"(...)
O 9 de decembro de 2025 asinouse un Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Rehabilitación del canal de derivación de agua del molino en el río Navia (incluídos honorarios facultativos)" no Concello de Navia de Suarna, ano 2025.
Estas obras foron adxudicadas pola Xunta de Goberno Local e notificadas á empresa adxudicataria. Esta empresa con data 3 de agosto de 2026, presentou un escrito motivado, renunciando á execución das mesmas.
Na licitación da actuación só se presentou a empresa adxudicataria, polo que non se pode procedeR a unha nova adxudicación sen facer unha nova licitación. Debido a este motivo o prazo de execución previsto no Convenio resulta insuficiente para acometer as obras.
Polos motivos explicados con anterioridade,
SOLICITO:
A ampliación do prazo previsto no Convenio para a execución e xustificación da actuación "Rehabilitación del canal de derivación de agua del molino en el río Navia (incluídos honorarios facultativos)" ata o 30 de novembro de 2026"




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 74/98 |

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
sula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
"1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.
(...)
3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 75/98 |

- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Navia de Suarna nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar texto da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "REHABILITACIÓN DEL CANAL DE DERIVACIÓN DE AGUA DEL MOLINO EN EL RÍO NAVIA (INCLUÍDOS HONORARIOS FACULTATIVOS)"NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, ANO 2025 con csv IV76Y73JEFJY6XJD4FEG4D3T6Y".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***4º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no Concello de Antas de Ulla, ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:
"ASUNTO: INFORME FAVORABLE
CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE" NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2026

En relación ao asunto de referencia (2026/XEN_01/003003) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o Concello de Antas de Ulla no que se solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos gastos das seguintes actuacións:




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 76/98 |

| Actuación: "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE" | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| LIÑA 1 INVESTIMENTOS<br>1. Obra pista Fonfría a Cutián (emerxencia) 17.892,88 €<br>2. Obra entubación de auga de cuneta en Muíña, en Penela (emerxencia) 2.347,40 €<br>3. Obra busca de avaría e reparación da traída de auga en Cibreiro (emerxencia) 2.198,69 €<br>4. Obra busca de avaría e reparación da traída de auga en Cibreiro (2) (emerxencia) 2.642,40 €<br>5. Obra rebaixar lateral da pista en Vilapoupre (emerxencia) 514,86 €<br>6. Melloras de eficiencia enerxética no complexo deportivo (redes e retirada de illamento) (emerxencia) 14.472,07 €<br>Subministro de cristal para a pista de pádel 1.560,90 €<br>Subministro de redes de protección para o campo de fútbol 1.698,84 € | 43.328,04 € |
| LIÑA 2 GASTO CORRENTE<br>1. Servizos básicos municipais<br>Analíticas de control das captacións de auga 4.840,00 €<br>Reparacións do alumado público 10.890,00 €<br>Reparacións de maquinaria e vehículos municipais 9.680,00 €<br>Cota de recollida e aloxamento de animais abandonados e servizo de lacería 2.117,46 €<br>Monitorización dos depósitos de auga 1.960,20 €<br>Xestión de lodos de fosas sépticas 7.121,88 €<br>Xestión de residuos voluminosos 6.553,14 €<br>Xestión e tratamento de RSU 26.000,00 €<br>Viaxes de camión cisterna aos depósitos de auga 3.630,00 €<br>2. Subministros para servizos básicos municipais<br>Subministro de enerxía eléctrica 65.000,00 €<br>Subministro de combustibles 9.680,00 €<br>Subministro de material de ferretería 9.075,00 €<br>Subministro de hipoclorito para o servizo de abastecemento de augas 993,53 €<br>3. Outros servizos municipais (instalacións deportivas)<br>Traballos de mantemento do campo de fútbol (cambio de planchasdo banquillo) 949,85 €<br>Mantemento e control de calidade das augas das piscinas municipais 16.274,50 €<br>4. Servizos de xestión ordinaria<br>Comunicación e redes sociais do concello 7.260,00 €<br>Servizo de asesoramento urbanístico 10.890,00 €<br>Servizo de asesoría laboral 4.864,20 €<br>Cota mensual CIBERSAD 2.054,58 €<br>Dominio e hosting da páxina web 750,20 €<br>Mantemento de fotocopiadoras 3.542,94 €<br>Mantemento anual da caldeira de calefacción da Casa do Concello 1.592,36 €<br>5. Subministros para servizos de xestión ordinaria<br>Material de oficina 1.200,00 €<br>Subministros para a cidadanía (gafas eclipse) 1.936,00 € | 208.855,84 € |
| CUSTE TOTAL | 252.183,88€ |

por importe total de 252.183,88 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A



| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 77/98 |

cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 78/98 |

da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 79/98 |

subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
-Réxime de modificación do convenio.
-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 80/98 |

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMA.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEGUNDA. Pola súa banda, o Municipio de Antas de Ulla, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 81/98 |

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 coas adaptacións necesarias dado que as seis obras que figuran no convenio foron tramitada polo procedemento de emerxencia regulada no artigo 120 da Lei 9/20217 de contratos do sector público que permite á Administración actual de inmediato mediante adxudicación directa e libre, sen os tramites ordinarios, ante acontecementos catastróficos, situacións de grave perigo ou necesidades de defensa nacional (na conta xustificativa e na concesión do anticipo non se solicita acordo de adxudicación)

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 252.183,88 € con cargo ao vixente Orzamento Xeral (43.328,04 € na aplicación orzamentaria 9420 76200 e 208.855,84 € na aplicación orzamentaria 9420 46200 )

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE" NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2026 por importe total de 252.183,88 € con CSV IV76YDH2B4427X4M2FU5OBAC6U.

**2º.-** Aprobar o gasto por importe de 252.183,88 € con cargo ao vixente Orzamento Xeral (43.328,04 € na aplicación orzamentaria 9420 76200 e 208.855,84 € na aplicación orzamentaria 9420 46200 )".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 82/98 |

***5º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no Concello de Antas de Ulla, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME
SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECU-CIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMEN-TO DE GASTO CORRENTE" NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (Expte. 2026/PES_03/015378) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2025, acordou, por unanimidade dos seus asistentes, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARI-DADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE" NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2025 por importe total de 579.983,59 € (dos que 500.000,00 serán financiados pola Deputación de Lugo e 79.983,59 € serán financiados polo concello de Antas de Ulla) cuxo contido é o seguinte: (...).
SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 83/98 |

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 1 de xullo de 2025.

TERCEIRO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito no que literalmente se solicita o seguinte:
“(...)
EXPÓN:
Que na relación de actuacións incluídas na Liña 2 – Gasto Corrente do citado convenio figura o gasto corrente nº 13 relativo á “Reparación do quiosco das piscinas municipais”, cun importe de 6.000,00 €, así como o gasto corrente nº 14, cun importe de 43.650,05€.
Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario proceder a unha reordenación interna das actuacións de gasto corrente, sen que isto supoña incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio.
SOLICITA:
Que se autorice a modificación do gasto corrente nº 13 relativo a “Reparación do quiosco das piscinas municipais”, de xeito que desapareza como actuación independente, integrándose o seu importe de 6.000,00 € no gasto corrente nº 14, que pasará a contar cun importe total incrementado en 6.000,00 €, mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.
Esta modificación non supón variación do importe total da Liña 2 nin do custo total do convenio, limitándose a unha redistribución interna do gasto corrente”.

CUARTO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2026, aprobar a modi-ficación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

QUINTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestrutu-ras de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, for-malizouse o 3 de febreiro de 2026.

SEXTO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 4 de agosto de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:
“(...)
EXPÓN:
Que na relación de actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos do citado convenio figura a actuación nº 11, relativa á "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", cun importe de 97.600,00 €.
Que o Concello de Antas de Ulla executou o "Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe", redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro, adxudicado



| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 84/98 |

mediante contrato menor de obras por Resolución de Alcaldía, por un importe de 48.338,60 €.
Que esta actuación conta cunha subvención parcial da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por importe de 20.000,00 €, concedida por Resolución do 28 de xullo de 2025 (expediente 2025-00000104-00, procedemento CT211B), resultando necesario completar o seu financiamento cos recursos xa comprometidos ao abeiro do convenio de cooperación coa Deputación de Lugo.
Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario destinar parte do importe da actuación nº 11, concretamente 20.720,00 €, ao financiamento do citado proxecto de posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe, quedando o seu financiamento total do seguinte xeito:
- Subvención da Xunta de Galicia: 20.000,00 €
- Achega con cargo ao convenio coa Deputación de Lugo: 20.720,00 €
- Achega do Concello de Antas de Ulla con fondos propios: 7.618,60 €
TOTAL: 48.338,60 €
Que a diferenza necesaria para completar o custo total do proxecto, unha vez descontadas a subvención da Xunta de Galicia e a achega con cargo ao convenio, será asumida polo Concello de Antas de Ulla con fondos propios, sen que isto supoña incremento ningún do importe total da Liña 1 nin do custo total do convenio.
Que esta reordenación non supón incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio, senón unha redistribución interna das actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos, ao abeiro do disposto na cláusula OITAVA do convenio e no artigo 49.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
SOLICITA:
Que se autorice a modificación da actuación de investimento nº 11 "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", reducindo o seu importe en 20.720,00 €, quedando fixado en 76.880,00 €, e que se incorpore á Liña 1 – Investimentos do convenio, con cargo a este importe de 20.720,00 €, a seguinte nova actuación:
"Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe": 20.720,00 € (con cargo ao convenio), sobre un custo total de 48.338,60 €, cofinanciado ademais cunha subvención da Xunta de Galicia de 20.000,00 € e cunha achega do Concello de Antas de Ulla, con fondos propios, de 7.618,60 € mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.
(...)”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Página | 85/98 |

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, tendo en conta que:
-o convenio estea vixente,
-prevese a modificación do mesmo,
- se acredita a concorrencia de interese común
e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizado o 1 de xullo de 2025 e modificada o 3 de febreiro de 2026, nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente, para incorporar o solicitado pola alcaldesa do concello.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o texto da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputa-ción Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das ac-tuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no con-cello de Antas de Ulla, ano 2025, con CSV IV76YDDPH5RIVPPPYNAW647TM4”.




| | IV762W23NPX5TXNZ2YAVMISXMA | Fecha y Hora | 19/08/2026 12:23:58 |
|---|---|---|---|
